


A Consellaría acerta cando rectifica: xa publica na súa web os datos diarios de casos positivos nos centros



Tal e como avanzamos, a CIG-Ensino deixou de publicar na súa web o documento cos datos de contaxios e aulas pechadas logo de comprobar que a Consellaría finalmente xa o fai no seu portal web

O pasado día 7 de outubro a CIG-Ensino criticou a falta de transparencia da Consellaría de Educación cos datos de persoas afectadas por contaxios por coronavirus nos centros docentes de Galiza. O sindicato denunciaba que o departamento de Sanidade só lle proporcionara eses datos aos medios de comunicación mais que non se fixeran públicos na propia web de información sobre o coronavirus que Educación ten habilitada.

Desde entón, e cos datos desde o 5 de outubro, a CIG-Ensino publicou diariamente todos os informes de seguimento que recibían os medios de comunicación. Tal e como dixemos no seu día, unha vez que a Consellaría rectificou e empezou a publicalos e, aínda que non o difundiu por ningún medio nin lle deu relevancia na portada da súa web,



a CIG-Ensino dá por cumprido o obxectivo que se fixou e deixou de colgar diariamente os informes, aínda que manterá os existentes cunha ligazón á web da Consellaría para poder acceder directamente.

Por desgraza, volve ser realidade que a Consellaría só actúa correctamente cando rectifica. A falta de transparencia na información ao conxunto da sociedade e á comunidade educativa en particular é unha mostra máis dun comportamento absolutamente cuestionábel e opaco por parte da administración. Benvida sexa a rectificación.

Só nos resta unha pregunta ao conselleiro: era necesario que a CIG-Ensino criticara publicamente a falta de transparencia e comezara a publicar a diario os datos, facendo un papel que lle corresponde ao goberno, para verse obrigado a tomar esta decisión?

Para acceder na web da Consellaría: entrar na sección especial de coronavirus e dentro dela na apartado **“Seguimento Covid”**.